


O Belén de Begonte abre ata o 28 de xaneiro



O tradicional Belén de Begonte permanecerá aberto ao público ata o próximo 28 de xaneiro. Se o tempo axuda, polo Centro Cultural da localidade prevese que pasen unhas 4.000 persoas

Begonte de Belén

O afamado Belén electrónico de Begonte, que este ano suma a súa XL edición, pode ser visitado ata o 28 de xaneiro no Centro Cultural Jesús Domínguez Guizán da localidade chairega

*Aquí louvo o tesón dos armadanzas
cuias mans orgullan cada ano o Belén
para que a Terrachá se parza ben
a Galilea enchida de esperanzas.*

*Aquí louvo as sinxelezas inquedanzas
postas nunha obra excelsa sen más siño
ca trague-la ronseira do Meniño
as nosas almas orfas de arelanzas.*

*Aquí louvo ás xentes que na albada
se veñen a Begonte --chan labrego--
debaixo a chuva e maila neve xeada.*


*Aquí louvo a Xosé Domínguez:
¡crego, baril, alma mater dunha alborada
rebosante de paz e de sosego...!*

Armadanzas. Fiz Vergara Vilariño

*Terá o seu sitio Varela entre todos,
no seu taller, construíndo para nós
aqueelas tenras escenas chairegas
sobre un misterio de eterno guión
que mostra a todos o culto do pobo
--pois sendo humilde nunca se humillou--
e quer ceibarse das tantas miserias,
e quer erguer dende a sua propia voz.*

*Poden cos anos cambiar as figuras.
Poden, as pezas, moverse a motor.
Poden paster polo monte as ovellas.
Pode lucir, no Portal, alto o Sol.....*

....
*Begonte, lembranza agradecida. Baldomero
Iglesias Dobarrio*



Jesús Domínguez Guizán é o irmán do promulgador do Belén de Begonte

Chegou o mes de Nadal e con
elo Begonte tínguese de espi-
ritualidade. “Un dos pobos
humildes, ciscados pola Chá”,
tal e como dixo o poeta Ma-

nuel María no seu momento, pasa a converterse nunha capitalidade a nivel provincial e autonómico.

A razón desta soa de Nadal ven dada polo seu Belén Electrónico, que segundo predicións chamará ata a localidade a entre 3.000 e 4.000 persoas durante este mes. Un número que fluctua en función da situación atmosférica durante o Nadal.

As predicións veñen abaladas por 40 anos de éxito dun Belén promulgado no 1972 por José Dominguez Guizán. O sacerdote da parroquia deixoulle a localidade un legado espiritual e turístico que a día de hoxe continúa o seu irmán Jesús co apoio e a colaboración infatigable de veciños e voluntarios e que ano tras anos se incrementa en tamaño e fama.

Corría o ano 1972 cando José Dominguez Guizán escoitou falar dun belén móvil elaborado na Coruña polos alumnos da Escola de Formación Profesional Acelerada de Someso.

Co afán de atopar algo "que nos distinguira como pobo e fomentase a relixiosidade", recorda o seu irmán Jesús, José Dominguez acompañado de José Rodríguez Varela, artífice das figuras, viaxou ata a Coruña nun par de ocasións.

Belén electrónico

O resultado, a posta en funcionamento no Centro Cultural de Begonte dun pequeno

Belén. A proxección duraba uns cinco minutos.

Unhas das primeiras pezas que constituíron este Belén foron os incansables traballadores da forxa e da carpintería. Co paso do tempo fóreronse substituíndo unha pezas e modificando outras. O irmán do promulgador do Belén, Jesús Domínguez Guizán, asegura que non sabemos con seguridade o número total de pezas que integran actualmente o Belén de Be-

gonte.

"Falamos de máis de 100 figuras", asegura. "Algunhas delas elaboradas en movemento, as veces feitas por José Rodríguez Varela ou ben adquiridas no mercado".

De entre as más de 100 figuras que conforman o Belén, "hainas para todos os gustos". De todas maneiras, Jesús Domínguez di que as que máis soen gustar son "a forxa, o carpinteiro, os ferradores e o misterio".

Unhas cincos ou seis persoas de Begonte elaboran ao longo de dous meses o Belén para que ata o 28 de xaneiro poida ser visitado por todo aquel que o deseñe.

O Belén abriuse ao público o primeiro domingo do mes de decembro para que os escolares poidan acercarse ata a localidade e ver en movemento o traballo tradicional que se desenvolvía en Galilea. A neve, a tormenta, os días soleados ... son recreados durante

un tempo que vai dos 13 aos 15 minutos aos ollos dos visitantes..

Segundo o párroco local chegan visitantes das catro provincias galegas, predominantemente de Lugo e da Coruña, así como de Asturias. "Ao Belén quéreselle en toda a comarca, non só en Begonte", asegura Jesús Domínguez Guizán, ao que engade que "humanamente, a Begonte coñéceselle polo Belén".

CONCURSOS

Certame de Arte Centro Cultural de Begonte ata o 25 de decembro

Obras de pintores galegos de tema libre e tamaño máximo de 1,5 m. e 1 m.

Repartiranse 1.500 euros entre os premiados.

Certame de poesía e xornalismo Centro Cultural de Begonte ata o 6 de xaneiro

Valorarase que as creacións verseen sobre o nadal. (Máis información na páxina 25 deste xornal)

Certame de debuxo infantil Centro Cultural de Begonte ata o 24 de decembro

Raquel Arias transmisiu durante a inauguración do Belén de Begonte a mensaxe dunha “Galicia Unida”



A delegada territorial da Xunta rodeada do rexedor e do párroco local



Fraga....Manuel Fraga é o único presidente da Xunta que pronunciou o pregón de inauguración do afamado Belén de Begonte. O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, prevé poder participar no acto de clausura, mentres que o pregón de inauguración foi pronunciado pola delegada da Xunta de Galicia en Lugo, Raquel Arias.

Durante a lectura, Arias transmitiu a mensaxe dunha “Galicia unida”, que mira para adiante sen desprenderse das súas tradicións e costumés, e que ten esperanza porque conta cún pobo “capaz de traballar de forma tan constante e infatigable como os creadores

deste Belén”.

Arias, que seguiu o discurso que tiña preparado o presidente galego, que tiña previsto acercarse ata Begonte, destacou o espectáculo que forma o Belén Electrónico de Begonte, e

subliñou que nel se demostran “os impresionantes efectos que pode ter traballar en equipo”. “Este espazo é a proba de que o espírito comunitario, o espírito de cooperación, está completamente arragaido



nas nosas xentes”, afirmou. “Malia os persistentes tópicos individualistas, Galicia está formada por xente sociable, que en consecuencia, que vivir, e vive, en sociedade”, afondou. Arias manifestou que o Belén de Begonte da a Galicia dúas grandes leccións na súa posta en escena. Así, por un lado, destacou que esta representación fuxe do immobilismo: “As figuras son fieis á tradición, pero vólvense dinámicas grazas a electrónica”. “Que gran exemplo nos dades a todos mantendo durante décadas as raigañas da nosa cultura popular, pero adaptada a todas as posibilidades que

nos dá a modernidade”, engadiu.

A máxima representante do Executivo galego na provincia de Lugo salientou, como segunda gran virtude, a actividade que desprene do Belén. “Nesta feliz presentación, os muiñeiros moen, os labregos cultivan a terra, os pastores atenden o gando e os pescadores pescan. Calquera que veña aquí pode soñar cunha Galicia e cunha España con tanta actividade como ten o Belén o Begonte”, afirmou. Arias lembrou, por último, as palabras de Manuel Fraga no pregón que fixo no seu día o ex presidente da Xunta no Nadal begontino. “Porque como dixo Don Manuel, e que eu só pudo ratificalo, vir aquí neste día e atopar un recanto de paz. E tal cousa é moita cousa, dados os tempos axitados que vivimos”, concluíu.

O Centro Cultural convoca certames de arte, poesía, xornalismo e debuxo

O Centro Cultural José Domínguez Guizán organiza un ano máis coa chegada do Nadal os certames de Arte, Poesía, Xornalismo e Debuxo Infantil.

Os interesados en participar na vixésima segunda edición do certame de arte terá de prazo para presentar as súas obras ata as 12:00 horas do 25 de decembro. XXII Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán estará dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos. Este galardón adxudicárselle a obra pictórica que seleccionada por un xurado formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante.

Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, nados en Galicia ou ben residentes habituais, de tema libre e cun tamaño máximo de 1,5 metros por un metro, con ou sen marco.

Cada un dos autores que deseche presentarse ao certame deberá participar cun máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor. Es obras deberán ser remitidas, libres de gastos, ao Centro Cultural de Begonte. Seránllas devoltas libres de gastos ao enderezo que indiquen. O obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As que non reciban recoñecemento serán devoltas ao remate do certame.

O Centro Cultural xunto co patrocinio de Nova Caixa Galicia convoca un ano máis o XXXVI Certame Nacional de Poesía sobre Nadal. Nel poderán participar todos os poetas que o desexen con texto en galego e castelán, e o tema do traballo debe ser sobre o Nadal, valorándose os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén.

A construción dos poemas e a medida dos versos é libre. O primeiro premio estará dotado con 600 euros, e o segundo con 300. Os dous gañadores recibirán candasúa estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais farase por triplicado ao Centro Cultural de Begonte, tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de 2012.

Xornalismo e debuxo

O Centro Cultural xunto coa Xunta de Galicia promove un ano máis o XXXVI Certame Xornalístico ‘Begonte e o Nadal’. Poderán participar neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre o Nadal en Begonte ou en Galicia. Haberá tamén dous premios, de 600 e 300

euros, para o primeiro e segundo clasificado, respectivamente, xunto cunha estatuíña de Sargedelos.

O prazo de entrega dos traballos remata o seis de xaneiro, ás 12:00 horas, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo. A presentación deberase facer por triplicado o exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto coa nota na que sse fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, deberase enviar o texto impreso e a indicación da páxina onde está publicado.

Por último, o centro begontino xunto co patrocinio de Caixa Rural Galega, co fin de potenciar o espírito do Nadal nos nenos convoca o XXXVI Certame de Debuxo Infantil sobre o Nadal. Poden concurrir ao con-

curso todos os nenos, a través dos seus colexios. Así, as bases do certame establecen dúas categorías. Unha delas ata os 10 anos e a outra para alumnos de entre os 11 e os 15 anos.

O concurso concede tres primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo e cinco segundos premios de 30 euros e trofeo. Este premios concederanse por separado na categoría A e na B. polo que en total suman 6 primeiros premio, tres en cada categoría; e dez segundos premios: cinco en cada categoría.

O temas serán libres dentro do xenérico O Nadal. O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo dun folio. Deben ser presentado en cartolina. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos e o prazo remata o 24 de decembro, debendo ser remitido ao centro cultural de Begonte.

exposiciones

Cospeito e Vilalba Exposición Imaxes do Nadal Ata o 28 de xaneiro

As casas da cultura dos dous concellos chairegos acollerán durante o Nadal sendas exposición con imaxes vinculadas cos festividades. En Cospeito, a mostra xa está aberta ao público desde o pasado día 5 de decembro. En Vilalba abrirase o próximo 23 de decembro. A iniciativa está promovida polo Centro Cultural José Domínguez Guizán.

Lugo Sala da exposicións Xunta de Galicia Dende o 29 de decembro

Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXII Certame Galego de Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán

Begonte Casa da Cultura Dende o 16 de xaneiro


Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXII Certame Galego de Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán

eventos

Belén de Begonte Aberto ata o 28 de xaneiro

Os interesados poderán visitar o Belén vivente de Begonte desde o tres de decembro ata o 28 de xaneiro, data na que se entregarán os premios dos tradicionais concursos. O Belén exponse no centro cultural José Domínguez Guizán

vilalba Un Belén ao grande



O dono do hostal Terra Chá de Vilalba, Jesús Grandío, creou para este Nadal un Belén de grandes dimensións no seu establecemento. Grandío realizou reformas no hotel, onde habilitou unha terraza para colocar nela o Belén, que ocupa arredor dos 40 metros cadrados e que ao visitante lle recorda ao Belén de Begonte.